



## ACLARACIÓN SOBRE OS TEXTOS LEGAIS QUE SE PODEN LEVAR Á PROBA TIPO TEST

A base II.1 establece que para o desenvolvemento desta proba poderán servirse de textos legais sen comentarios. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples.

Considérase que se axusta ao anteriormente exposto levar os textos legais acotados, non sendo necesario levar completos os textos legais sobre os que se formularon a batería de preguntas, sempre que eses textos non leven comentarios, nin ningunha outra alteración ou modificación. Os textos legais poden estar subliñados sempre que non leven ningún tipo de anotación.

Finalmente tamén se permite que eses textos legais leven unha marca de auga ou un logo INDICATIVO DA ENTIDADE QUE OS ELABOROU, sempre e cando cumpran as restantes condicións anteriormente indicadas.